



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE MUROS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, CON EQUIPOS OU DEPORTISTAS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO LOCAL, PROVINCIAL OU AUTONÓMICO, E A ENTIDADES, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA PARA O ANO 2020

1. DATOS DO PROGRAMA

Denominación:	Bases específicas reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico, e a entidades, sen ánimo de lucro para realización de actividades de fomento da actividade física para o ano 2020
Aplicación orzamentaria:	Partida: 20/341.48000 importe: 16.000,00€
Importe da subvención que se ha conceder:	Máximo: 3.000,00 €
Importe solicitado:	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80

2. OBXECTO

Esta convocatoria vai dirixida aos clubs deportivos do Concello de Muros que contén con algún equipo ou deportista (no caso de deportes individuais) que participen en competicións oficiais federadas de ámbito local, provincial, ou autonómico, e a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de fomento da actividade física durante o ano 2020.

O obxecto deste programa concrétase en dúas modalidades ou liñas, de xeito simultáneo ou alternativo:

- A participación de equipos ou deportistas en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico.
- A realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte.

A realización do programa de actividades para a que se concede a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade, así como as obrigas fiscais e de Seguridade Social que delas se deriven.

3. GASTOS SUBVENCIONABLES NESTE PROGRAMA

Modalidade A. Clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico.

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
621	Arrendamentos e canons (arrendamento de vehículos, instalacións deportivas e material deportivo)
624	Transportes (utilización de medios de transporte regular para o desenvolvemento da actividade)
625	Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva)
629	Outros servizos: só aloxamento para o desenvolvemento da actividade
649	Outros gastos sociais (mutuas)
652	Dereitos da arbitrase
655	Cotas a entidades deportivas (licenzas federación)

** Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.*

Respecto dos gastos de transporte e de aloxamento terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade no trámite da xustificación.

Gastos non subvencionables nesta modalidade:

- Os gastos non derivados da súa participación en competicións oficiais federadas de ámbito local, provincial ou autonómico.
- Os gastos derivados de viaxes de lecer.
- Os gastos financeiros.
- Os gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, gastos en galas ou celebracións).
- Os gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Os gastos suntuarios.

Modalidade B. Entidades do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte.

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións)
623	Servizos profesionais independentes – contratacións externas
624	Transportes (utilización de medios de transporte regular para o desenvolvemento da actividade)
625	Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva)
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios (persoal deportivo)



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

642	Seguridade Social a cargo da entidade (persoal deportivo)
649	Outros gastos sociais (mutuas)
652	Dereitos da arbitrase
656	Gastos de participación en competicións deportivas (inscricións e outros gastos exigidos para a participación en competicións non oficiais federadas)

** Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.*

Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades deportivas; en ningún caso bens inventariables.

Respecto dos gastos de transporte terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

Gastos non subvencionables nesta modalidade:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de participación en competicións oficiais federadas.
- Os gastos de adquisición de bens inventariables.
- Os gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Os gastos derivados de viaxes de lecer.
- Os gastos financeiros.
- Os gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, gastos en galas ou celebracións).
- Os gastos suntuarios.

4. COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓNS

As subvencións desta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao Concello a súa obtención.

Exclusións. Non serán obxecto de subvención:

- As actividades ou investimentos xa subvencionados polo Concello de Muros no mesmo exercicio. Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por ser incompatibles, neste caso a entidade beneficiaria tería necesariamente que renunciar a unha delas.
- As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.
- As actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA

- Ser unha entidade sen ánimo de lucro legalmente constituída, con domicilio fiscal no Concello de Muros.
- Ter entre os seus obxectivos o fomento de actividades físicas deportivas, a ocupación activa do tempo de lecer, de fomento do deporte ou actividades de formación en materia deportiva.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6. SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E COMPROMISOS DA CONVOCATORIA

Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse de xeito telemática na sede electrónica do Concello de Muros. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentacións será de un mes a contar dende o día seguinte a publicación da convocatoria específica no BOP

Os clubs que soliciten subvención nesta convocatoria teñen que achegar:

Modalidade A. Clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico

- Memoria explicativa da actividade prevista para o ano en curso. O documento conterá, como mínimo, os aspectos que deseguido se expoñen:
 - Obxecto da subvención.
 - Descrición das competicións nas que participa o club, especificando as datas e lugares das probas ou partidos, número de participantes.
 - Descrición das actividades deportivas e sociais que realiza o club, así como a súa traxectoria deportiva.
- Estrutura social do club, órganos de goberno, número de persoas asociadas, funcionamento, e instalacións onde desenvolven a actividade, indicando se son propiedade do club, alugadas, de titularidade municipal, etc.
- Certificación expedida pola federación autonómica, na que consten os seguintes datos do club, referidos o ano en curso:
 - Número de equipos ou deportistas no caso de deportes individuais en cada ámbito de competición (local, provincial ou autonómico).
- Certificación expedida pola federación autonómica, na que consten os seguintes datos do club, referidos o ano inmediato anterior á convocatoria:
 - Número de equipos ou deportistas no caso de deportes individuais en cada ámbito de competición (local, provincial ou autonómico) e o núm. de licenzas federativas. A certificación referirase ou a equipos ou a deportistas.
- Declaración do número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- Declaración do número de equipos ou deportistas (no caso de deportes individuais) en competicións de ámbito local no ano inmediato anterior á convocatoria.
- Declaración do número de equipos ou deportistas (no caso de deportes individuais) en competicións de ámbito provincial no ano inmediato anterior á convocatoria.
- Declaración do número de equipos ou deportistas (no caso de deportes individuais) en competicións de ámbito autonómico no ano inmediato anterior á convocatoria.
- Declaración do número licenzas federativas dos deportistas do club no ano inmediato anterior á convocatoria.
- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas, deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Modalidade B. Entidades do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte.

- Memoria explicativa da actividade prevista para o ano en curso, que conterá como mínimo, os seguintes aspectos:
 - Obxecto da subvención.
 - Descrición das actividades deportivas, sociais e de formación que realiza a entidade, así como a súa traxectoria deportiva.
 - Estrutura social da entidade, órganos de goberno, número de persoas asociadas, funcionamento, e instalacións onde desenvolven a actividade, indicando se son propiedade da entidade, alugadas, de titularidade municipal, etc.
 - Obxectivos xerais e específicos do proxecto presentado, ámbito territorial e recursos materiais e humanos necesarios, facendo mención ás titulacións requiridas no persoal á fronte do proxecto.
 - Declaración do número de horas do total das actividades durante o ano.
 - Declaración relativa o ámbito territorial das actividades que contempla o proxecto (ámbito local ou comarcal, ámbito provincial, ámbito autonómico).
 - Declaración de requisitos de participación nas actividades (participación gratuíta e libre, pago de inscrición, non reservada aos/ás socios/as da entidade organizadora).
 - Declaración do número de participantes na edición anterior da mesma actividade ou na actividade solicitada si é nova.
 - Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% ou os 3.000,00 € do orzamento de gastos.
 - Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
 - Declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas, deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

7. RESOLUCIÓN

Valoración das solicitudes específicas do programa.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, cun informe previo emitido polo persoal técnico da área de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

deportes de acordo coa aplicación dos seguintes baremos:

Modalidade A. Clubs deportivos do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico.

- Número de licenzas federativas dos/as deportistas do club: máximo 15 puntos
 - Ata 40 licenzas: 5 puntos
 - Entre 41 e 60 licenzas: 10 puntos
 - Máis de 60 licenzas: 15 puntos
- Número de equipos en categoría sénior: máximo 15 puntos
 - 1 equipo: 5 puntos
 - 2 equipos: 10 puntos
 - 3 equipos: 15 puntos
- Número de equipos ata categoría xuvenil: máximo 30 puntos
 - 1 equipo: 5 puntos
 - 2 equipos: 10 puntos
 - 3 equipos: 15 puntos
 - 4 equipos: 20 puntos
 - 5 equipos: 25 puntos
 - 6 equipos: 30 puntos
- Número de equipos en categoría feminina: máximo 15 puntos
 - 1 equipo: 5 puntos
 - 2 equipos: 10 puntos
 - 3 equipos: 15 puntos
- Utilización da lingua galega na realización das actividades: ata 5 puntos
- Desprazamentos: ata 10 puntos
- Nivel de autofinanciamento:
 - Entre o 25% e 45%: 5 puntos
 - Máis do 45%: 10 puntos

Modalidade B. Entidades do Concello de Muros, sen ánimo de lucro, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte.

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos
- Número de horas de duración do total das actividades durante o ano: ata 15 puntos
 - Menos de 10 horas: 5 puntos
 - De 11 a 50 horas: 10 puntos
 - De máis de 50 horas: 15 puntos
- Ámbito territorial das actividades: ata 15 puntos
 - Ámbito local ou comarcal: 5 puntos
 - Ámbito provincial: 10 puntos
 - Ámbito autonómico: 15 puntos
- Requisitos de participación (gratuita e libre, cota de inscrición, non reservada aos/ás socios/as da entidade organizadora): ata 5 puntos
- Número de persoas participantes na edición anterior, na mesma actividade ou; de ser nova a actividade cuxo financiamento se solicita, número de participantes na actividade: ata 15 puntos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Ata 30: 5 puntos
- De 30 a 100: 10 puntos
- Máis de 100: 15 puntos
- Utilización da lingua galega na súa realización: ata 5 puntos
- Interese da proposta presentada: ata 10 puntos
 - Calidade e solvencia técnica da proposta: 5 puntos
 - Actividade innovadora: 5 puntos
- Colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro do Concello de Muros: ata 5 puntos
 - Máis de 2 actividades: 10 puntos
- Participación da entidade nas actividades deportivas realizadas polo Concello de Muros.
 - Menos de 2 actividades: 5 puntos
 - Máis de 2 actividades: 10 puntos
 -

8. CAMBIOS DE OBXECTO DO PROGRAMA

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Documentación específica do programa

- Memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: actividades desenvoltas; temporalización; cuantificación e perfil dos/as participantes; resultados obtidos.
- Acreditación da utilización do anagrama do Concello de Muros no material gráfico de difusión e na páxina web da entidade, e do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

Muros, 18 de setembro de 2020

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero